

# Voces de Queempostela

Folleto Mensual  
de Información

Nº12, Abril-1997

Editado polo  
Colectivo Gai de  
Compostela

## O Voces de Queempostela está de aniversario!

Este mes de abril hai un ano que comezou a se editar o Voces de Queempostela coa intención de informar a todas aquelas persoas integrantes ou próximas ao CGC que non residían en Santiago ou que non podían pasar polo local. Co gallo deste primeiro aniversario, desde a Comisión de Correspondencia e Relacións Exteriores, encargada da elaboración desta "folliña parroquial", enviamos-che un saúdo e damos-che as grazas por seguires aí, lendo-nos e apoiando-nos.

## Está na rua o S'homos-13

A finais do pasado mes de Marzo, cunha semana de retraso, saíu á rua o novo número do S'homos. Por primeira vez, a revista distribuíu-se masivamente en varias cidades: A Coruña, Vigo e Pontevedra. Tamén se enviaron exemplares para a venda en Madrid e Barcelona. Como resultado de todo isto e vista a boa aceptación do número, xa case se esgotou a actual tirada. Xa que logo, a Comisión do Voceiro pensa aumentar a tirada do vindeiro número, que xa se está a preparar para antes do 28 de Xuño.

## 1º de Maio: comunicados e cartas

Con motivo da celebración do 1º de Maio, Día d@s Traballado@s, o CGC quer facer pública a súa protesta pola situación de discriminación e ocultación que viven no seu traballo a maioría dos gais e daslésbicas. Así mesmo fai-se un chamamento ao diálogo con sindicatos, animando-os a estes e a patronal a que recollan explicitamente cláusulas anti-homofóbicas e igualitarias nos seus convénios laborais. O CGC elaborou xa ao respecto un comunicado de prensa

que servirá de base para a redacción de cartas para as principais organizacións sindicais. Pola súa banda, o Colectivo de Lesbianas Independientes (CLI) está a estudar o texto do comunicado para asiná-lo conxuntamente co CGC.

## Comezan os preparativos do 28 de Xuño

Nas diferentes reunións da Asemblea e da Comisión de Actos Lúdicos e Culturais ven-se xa deliñando o programa de actos conmemorativos do 28 de Xuño, Día do Orgullo Gai e Lésbico. Como xa é tradicional, pensa-se celebrar unha concentración e unha superfiesta o propio día 28, e un ciclo de cine gai e lésbico nos días anteriores. Tamén se está a pensar na organización dun recital de poesía. Se tes ideas, proxectos ou suxestións non deixes de te pór en contacto coa Comisión. Só faltan dous meses!!!

## Outra festa en Maio

Para ir quentando motores de cara ao 28 de Xuño, a Comisión de Actos Lúdicos e Culturais está xa a preparar unha nova festa para a terceira semana de Maio. Aínda están por confirmar a data e mais o lugar, pero pensa-se nun pub da zona vella compostelá e nos días 14 ou 15. Se tes ideas para a festa ou queres actuar, non o dubides, fala ou escrebe-lle á Comisión.

## Discriminación nos espazos de consumo: nova campaña!

O pasado 21 de Abril o CGC e mais o CLI (Colectivo de Lesbianas Independientes) reuníron-se para tratar, por iniciativa do CLI, o lanzamento dunha nova campaña conxunta que recollese o traballo feito sobre libertación de espazos. A nova campaña que se ha de levar adiante baseará-se na elaboración



de folletos informativos sobre o que cumpre facermos no caso de discriminación homófoba nun espazo de consumo (tendas, bares, discotecas, restaurantes, etc...). Insistirá-se na utilización do Libro de Reclamacións e darán-se unha serie de consellos ao respecto, así como información sobre o corpus lexislativo que nos protexe actualmente: novo Código Penal, recomendacións do Parlamento Europeo, etc... A campaña estará aberta a toda a sociedade, e tentará-se recadar o apoio das autoridades locais, así como un amplo seguimento pola prensa. Tamén se barallan as posibilidades de deseñar cartaces e organizar unha festa de inicio de campaña. Se tes ideas ou suxestións, escribe ao apartado ou pasa polo local.

### **De leria sobre o sadomasoquismo**

A Comisión de Actos Lúdicos e Culturais está a preparar unha tertulia para finais do mes de Maio sobre o tema do sadomasoquismo. Aínda están por determinar o local e a data do parladoiro. Se queres enviar textos, notas ou opinións ao respecto manda-as ao apartado ou achega-as até o local.

### **Programa de rádio**

Vários sócios e voluntários do CGC expresaron nestes días o seu desexo de reiniciar a actividade radiofónica desenvolvida na emisión "Abre-te de orrellas". Se queres participar no proxecto pon-te en contacto con eles axiña, precisan máis colaboradores para poder facer o novo programa.

### **Mapa gai da Galiza**

A Comisión de Propaganda do CGC está a idear un folleto desdoblábel no que figuren os lugares máis frecuentados polos gais elésbicas do país. Á parte dun mapa coas praias e ríos nudistas máis concorridos, tamén se pensa incluír unha serie de pequenos mapas das cidades importantes para localizar os lugares de máis ambiente. Se queres participar no proxecto aportando datos sobre lugares da tua comarca e/ou cidade, escribe-lle á Comisión ou pasa

os mércores polo local. O folleto pensa sacar-se para antes do 28 de Xuño.

### **Grupo de Planificación Lingüística**

Na asemblea celebrada o pasado 22 de Abril acordou-se formar un grupo de traballo sobre Planificación Lingüística co obxectivo de elaborar un libro de estilo para utilizar nos escritos e manifestacións oficiais do CGC. Várias han ser as cuestións máis polémicas: a eliminación da linguaxe sexista, a utilización da arroba [@], a xeneralización no uso do feminino, cuestións de tipo léxico e conceptual (termos: comunidade, gai, opción sexual, etc...) e, sobretudo, a posíbel adopción dunha nova normativa ortográfica de galego. Se tes ideas sobre algunha destas cuestións e/ou queres participar activamente nos debates, escribe ao apartado ou pasa polo local os mércores.

### **Máis de 100 libros na biblioteca do CGC!**

Nestes últimos días o número de libros da biblioteca do CGC pasaba xa dos 110. A Comisión de Fondos Documentais avalia este feito de xeito moi positivo xa que, se ben non se trata dunha cifra elevada, hai que ter en conta que hai un ano a biblioteca contaba con menos de 50 volumes. A política de pagar cotas de sócio mediante a doazón de libros, cómics ou revistas de tema homosexual foi decisiva no importante incremento dos fondos da biblioteca nos últimos meses. Lembra que se queres unha lista dos libros dispoñíbeis só tes que lla pedir á Comisión. Se queres facer unha doazón, non o dubides, deixa que a xente poda ler que ti tes arrombado na casa!

**Xa Sabes...**  
Escribe ao apartado 191 /  
CP 15780 Compostela  
**ou...**  
Pasa polo noso local:  
Rua Entremuros, nº 16, baixo  
Luns, mércores e xoves a partir das 20:30